



REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

PREÁMBULO

Este regulamento é consecuencia da vontade política de desenvolver unha normativa que regule e dea canles á participación cidadá no Concello de Lugo.

A democracia participativa, emanada da base da sociedade a través da iniciativa popular e das organizacións e entidades cidadás, debe ser complemento e elemento enriquecedor da democracia representativa. A participación, a transparencia, a información, permítenlle ó Concello impulsar unha actuación ó servicio dos intereses dos cidadáns que senten o deber cívico de cooperar coa institución municipal para acadar melloras e o progreso socioeconómico da nosa cidade.

DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1.- O obxecto do presente regulamento é o establecemento das formas, medios e procedementos de información e participación dos veciños e entidades cidadás na xestión municipal, de conformidade coa lexislación vixente.

ARTIGO 2.- Os obxectivos que se pretenden atinxir co presente regulamento e que teñen carácter de principios básicos son os seguintes:

- Facilita-la máis ampla información sobre as actividades e a xestión municipal.
- Facilitar e promove-la iniciativa e a participación dos veciños e entidades cidadás na xestión municipal, sen menoscabo das competencias legalmente atribuídas ós órganos establecidos pola Lei, e facer efectivos os dereitos recollidos no artigo 18 da LRBRL.
- Crea-los órganos e mecanismos que garantan as posibilidades de consulta dos veciños, de conformidade co establecido no artigo 70.3 da LRBRL.
- Fomenta-lo asociacionismo cidadán.
- Achega-la xestión municipal ós cidadáns.
- Garanti-la solidariedade e o equilibrio entre os distintos barrios e parroquias.

TÍTULO I : DOS DEREITOS DOS CIDADÁNS

ARTIGO 3.- Tódolos cidadáns teñen dereito a:

- a) Coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos



- procedementos nos que posúan a condición de interesados e obter copias de documentos contidos neles.
- b) Identificar ás autoridades e ó persoal ó servizo do Concello que teñan baixo a súa responsabilidade a tramitación dos procedementos.
 - c) Obter copia selada dos documentos que presenten, achegándoa xunto cos orixinais, así como a devolución destes, agás cando os orixinais deban obrar no procedemento.
 - d) Utiliza-lo idioma galego nas súas relacións coa Corporación local.
 - e) Formular alegacións e achegar documentos en calquera fase do procedemento no que posúan a condición de interesados, anterior ó trámite de audiencia, que deberán ser tidos en conta polo órgano competente ó redacta-la proposta de resolución.
 - f) Obter información e orientación sobor dos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes impoñan ós proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar.
 - g) Acceder ós rexistros e arquivos da Corporación local nos termos previstos nas leis.
 - h) Ser tratados con respecto e deferencia polas autoridades e empregados municipais, que lles facilitarán o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas.
 - i) Obter copias e certificacións acreditativas dos acordos dos órganos de goberno e os seus antecedentes.
 - j) Esixir responsabilidades á Corporación local.
 - k) Exercer calquera outro que lles recoñezan a Constitución e as leis.

TÍTULO II: DA INFORMACIÓN MUNICIPAL

ARTIGO 4.- O Concello informará ós cidadáns da súa xestión a través dos medios de comunicación social e mediante a edición de publicacións, folletos, carteis, paneis publicitarios e medios audiovisuais, así como a través de actos informativos ou outros medios que se consideren necesarios.

Así mesmo, poderá recolle-la opinión dos veciños a través de debates, reunións, consultas, enquisas e sondaxes de opinión, segundo o procedemento que se acorde en cada caso.

ARTIGO 5.- As convocatorias e ordes do día das sesións do Pleno e demais órganos colexiados de carácter resolutorio transmitiranse ós medios de comunicación social da localidade e faranse públicos no Taboleiro de Anuncios do Concello.



O Concello publicará de xeito resumido o contido das sesións plenarias e de tódolos acordos do Pleno e da Comisión de Goberno, así como das resolucións do Alcalde e das que pola súa delegación dicten os concelleiros delegados. E para iso, poderán utilizarse os seguintes medios:

- a) Edición, cunha periodicidade mínima trimestral, dun Boletín Informativo Municipal.
- b) Exposición no Taboleiro de Anuncios do Concello.
- c) Publicación nos medios de comunicación social de ámbito municipal.

ARTIGO 6.- Existirán Oficinas de Información e Atención ó Cidadán nas dependencias do Concello, que canalizarán a información da xestión municipal e a participación cidadá. Así mesmo, haberá nestas oficinas, a disposición dos usuarios, un "Libro de Queixas e Propostas" no que os cidadáns poderán expoñelo que crean conveniente con referencia á prestación dos servizos municipais.

ARTIGO 7.- A información pública naqueles supostos que sexa esixida pola Lei, disposicións regulamentarias ou neste regulamento, disporase de xeito que permita a maior difusión entre os cidadáns. As alegacións que formulen os veciños serán contestadas polos órganos competentes municipais.

ARTIGO 8.- Cando circunstancias de interese público o aconsellen, os actos ou acordos obxecto de información remitiranse directamente a todos ou parte dos cidadáns censados no conxunto do Concello ou da parroquia, atendidas as súas finalidades e ámbito territorial ó que afecten.

TÍTULO III: DAS ENTIDADES CIDADÁS E DO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS

CAPÍTULO I: DAS ENTIDADES CIDADÁS

ARTIGO 9.- Para os efectos destas normas, consideraranse entidades cidadás as asociacións constituídas para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños de Lugo, que estean inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Lugo.

ARTIGO 10.- Poderán solicitar e obter a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións todas aquelas entidades legalmente constituídas, de funcionamento democrático e sen ánimo de lucro, con domicilio social no Concello de Lugo e que desenvolvan as súas actividades neste ámbito



xeográfico.

ARTIGO 11.- Aquelas asociacións de ámbito supramunicipal que desexen acceder ó Rexistro Municipal de Asociacións deberán ter sede no termo municipal de Lugo e, polo menos, tres dos seus asociados empadroados no Concello.

ARTIGO 12.- As entidades cidadás clasifícanse para os efectos deste rexistro e da actuación municipal en: asociacións de veciños, de carácter social, culturais, educativas, deportivas, de ocio e tempo libre, profesionais e de actividades económicas.

1. Enténdese por asociacións de veciños aquelas constituídas para a defensa dos intereses xerais dos veciños dunha zona concreta do Concello.
2. Enténdese por asociacións de carácter social aquelas constituídas para a defensa dos intereses dun colectivo concreto: infancia, xuventude, maiores, mulleres, minusválidos, etc.
3. Enténdese por asociacións culturais aquelas constituídas para o fomento e realización de actividades no ámbito da cultura.
4. Enténdese por asociacións educativas aquelas constituídas por pais e nais, mestres, etc., para o fomento e realización de actividades no eido da educación.
5. Enténdese por asociacións deportivas aquelas constituídas para o fomento e realización de actividades deste carácter.
6. Enténdese por asociacións de ocio e tempo libre aquelas constituídas para a realización de actividades de entretemento.
7. Enténdese por asociacións de profesionais ou de actividades económicas aquelas constituídas para a defensa e promoción dos intereses dos seus membros.

ARTIGO 13.- O Rexistro Municipal de Asociacións poderá ter seccións, segundo a clasificación anterior, para unha maior operatividade na relación entre elas e o Concello. Para iso, no momento da inscrición solicitarase da asociación interesada a declaración de onde quere ser incluída.

ARTIGO 14.- As entidades que figuren no Rexistro Municipal de Asociacións poderán gozar dos seguintes dereitos:

- a) Ser subvencionadas economicamente, na medida en que o permitan os recursos presupostados, polas actividades que realicen e para os seus gastos de funcionamento. A Comisión de Goberno aprobará as normas



- para a súa concesión.
- b) Acceder ó uso de medios públicos municipais, especialmente ós locais e medios de comunicación, coas limitacións que impoña a coincidencia do uso por parte de varias delas ou polo propio Concello. A Comisión de Goberno aprobará as normas para o exercicio deste dereito.
 - c) Recibir, logo de solicitude previa, no seu domicilio social as convocatorias dos órganos colexiados municipais que celebren sesións públicas, así como comunicación das resolucións e acordos adoptados polos órganos municipais, sempre que se trate de cuestións relacionadas co obxecto social da asociación.
 - d) Recibi-las publicacións, periódicas ou non, que edite o Concello, sempre que resulten de interese para a asociación atendido o seu obxecto social.
 - e) Canaliza-la participación veciñal nos consellos sectoriais, nos órganos colexiados das parroquias e nos entes de xestión descentralizada de servizos municipais, cando tal participación estea prevista nas disposicións constitutivas polas que se rexan e na medida en que o permita a lexislación aplicable. En todo caso, terase en conta, para os efectos de determina-lo grao de participación de cada unha delas, tanto a especialización sectorial do seu obxecto social como a súa representatividade.

CAPÍTULO II: DA DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA MUNICIPAL

ARTIGO 15.- As entidades cidadás inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións poderán ser recoñecidas polo Concello como entidades de utilidade pública municipal, sempre que a súa actividade sexa de interese xeral e complementaria da propia actividade municipal, e leven a cabo unha acción continuada.

ARTIGO 16.- O expediente de recoñecemento de utilidade pública municipal poderá iniciarse de oficio, a petición de calquera grupo político presente na Corporación ou a instancia da propia entidade.

Os criterios fundamentais para valora-la procedencia do recoñecemento de utilidade pública municipal serán os seguintes:

- Interese público municipal e social para os veciños de Lugo.
- Obxecto social da asociación e actividades desenvolvidas.
- Grao de representatividade.
- Nivel de participación nas institucións creadas polo presente regulamento.



A declaración de utilidade pública municipal será competencia do Pleno corporativo.

ARTIGO 17.- A declaración de utilidade pública municipal levará consigo os beneficios que se determinen en cada caso, entre os que poderán outorgarse:

- Usar deste título en tódolos documentos a carón do nome da entidade.
- Exencións, bonificacións e demais beneficios de carácter fiscal que se acorden.
- Ser escoitadas na elaboración de disposicións xerais relacionadas directamente coas materias da súa actividade e na elaboración de programas de transcendencia para elas.
- Preferencia na distribución de subvencións.
- Recibir axuda técnica e asesoramento da Administración.

CAPÍTULO III: DO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS

ARTIGO 18.- O Rexistro Municipal de Asociacións ten por obxecto permitir ó Concello coñece-lo número de entidades existentes no seu territorio, facilita-las relacións entre estas e o Concello, coñece-los seus fins e a súa representatividade para os efectos de posibilita-lo fomento do asociacionismo e a participación cidadá baixo os criterios de obxectividade, imparcialidade e igualdade.

ARTIGO 19.- Para o pleno exercicio dos dereitos recoñecidos na LRBRL e no presente regulamento por parte das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños será precisa a previa inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións.

ARTIGO 20.- A solicitude de inscrición presentarase no Rexistro Xeral do Concello e haberá que xuntarlle os seguintes documentos:

- Estatutos da entidade.
- Número de inscrición no Rexistro Xeral de Asociacións e noutros rexistros públicos.
- Datos de identificación das persoas que ocupan cargos directivos.
- Enderezo social e cédula de identificación fiscal.
- Presuposto do ano en curso.
- Programa de actividades do ano en curso.
- Certificación do número de socios.



ARTIGO 21.- No prazo de quince días dende a solicitude de inscrición, salvo que este se interrompa pola necesidade de achegar documentación non incluída inicialmente, o Concello notificaralle á asociación o seu número de inscrición, e considerárase de alta para tódolos efectos.

ARTIGO 22.- As asociacións inscritas están obrigadas a notificarlle ó Rexistro Municipal de Asociacións toda modificación dos seus datos dentro do mes seguinte ó que se produzan. Así mesmo, deberán comunicarlle no mes de xaneiro de cada ano o seu orzamento, programa de actividades e número de socios.

ARTIGO 23.- O incumprimento das devanditas obrigas suporá a apertura do correspondente expediente, que poderá dar lugar á baixa da asociación no rexistro ou á non concesión da subvención solicitada.

TÍTULO IV: DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ NOS ÓRGANOS MUNICIPAIS

CAPÍTULO I: PARTICIPACIÓN DAS ENTIDADES CIDADÁS NOS ÓRGANOS COLEXIADOS DO CONCELLO

ARTIGO 24.-1. As sesións do Pleno serán públicas. Nembargantes, poderán ser segredos o debate e a votación daqueles asuntos que poidan afectar ó dereito fundamental dos cidadáns a que se refire o artigo 18.1 da Constitución, cando así sexa acordado por maioría absoluta. Non serán públicas as sesións da Comisión de Goberno.

Serán tamén públicas as sesións dos órganos de participación.

2. As sesións dos demais órganos de goberno serán segredas, agás que se dispoña o contrario por acordo do Pleno.

3. Cando algunhas das asociacións ou entidades constituídas para a defensa dos intereses xerais ou sectorias dos veciños desexen efectuar unha exposición ante o Pleno, en relación con algún asunto incluído na orde do día no que interviñeran como interesados na súa tramitación, deberán solicitarllo por escrito ó Alcalde 24 horas antes de comeza-la sesión. Coa autorización daquel e a través dun único representante, poderán expoñe-lo seu parecer mediante o tempo que sinale o Alcalde, que será o mesmo de que dispoñan os membros da Corporación. En ningún caso a dita intervención dará lugar a debate entre o representante e os membros da Corporación.



CAPÍTULO II: DOS ÓRGANOS ESPECÍFICOS DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

ARTIGO 25.- Os órganos específicos de participación cidadá serán os Consellos Municipais de Área ou Sectoriais, que teñen como obxecto canaliza-la participación das entidades cidadás na vida municipal.

ARTIGO 26.- O Pleno do Concello poderá constituír consellos sectoriais por cada un dos sectores ou áreas da actividade municipal. Así mesmo, poderá acorda-la constitución dun consello consultivo das entidades cidadás, de carácter máis xeral.

ARTIGO 27.- Os Consellos Municipais de Área ou Sectoriais son órganos de participación, información, seguimento e proposta no ámbito da xestión municipal, referida ós distintos sectores de actuación nos que o Concello ten competencia.

Son funcións dos Consellos Municipais de Área ou Sectoriais:

- a) Presentar iniciativas, propostas ou queixas ó Concello para ser discutidas nas Comisións Informativas municipais correspondentes.
- b) Discuti-lo programa anual de actuación e os orzamentos do departamento correspondente.
Participar nas sociedades, padroados, etc., correspondentes.

ARTIGO 28.- A composición dos consellos establecerá o Pleno no acto da súa constitución e a súa presidencia recaerá no Alcalde ou no membro da Corporación en quen delegue. O secretario nomearase de entre os seus membros.

ARTIGO 29.- Os Consellos Municipais de Área ou Sectoriais regularanse pola lexislación aplicable, polo presente regulamento e polas normas complementarias que aprobe o Pleno da Corporación.

TÍTULO V: DA INICIATIVA CIDADÁ

ARTIGO 30.- A iniciativa cidadá é aquela forma de participación pola que os cidadáns solicitan do Concello que leve a cabo unha determinada actividade de competencia e interese público municipal, para o cal achegan medios económicos, bens, dereitos ou traballo persoal.

ARTIGO 31.- O Concello destinará anualmente unha partida para sufragar



aqueles actividades que se realicen por iniciativa cidadá.

ARTIGO 32.- A Comisión de Goberno resolverá sobre as iniciativas cidadás que se presenten. En ningún caso se realizarán por iniciativa cidadá actuacións incluídas no Programa de Actuación vixente. A decisión será discrecional e atenderá principalmente ó interese público ó que se dirixen e ás achegas que realicen os cidadáns.

ARTIGO 33.- Calquera, a título individual ou mediante unha asociación, poderá formular unha iniciativa.

TÍTULO VI: DO DEREITO DE PETICIÓN

ARTIGO 34.- Os cidadáns poderán exercer-lo dereito de petición perante as autoridades locais solicitando a adopción de actos ou acordos en materias da súa competencia. Do seu exercicio non poderán derivarse prexuízo ningún ó peticionario, agás que incorra en delicto ou falta.

ARTIGO 35.- No escrito no que se faga a petición, asinado polo interesado, constará o seu nome e domicilio, e deberá dirixirse ó Alcalde. O Concello estará obrigado a acusa-la recepción da petición.

ARTIGO 36.- Se a petición se considerara fundada, adoptaranse as medidas axeitadas co fin de conseguí-la súa plena efectividade. En calquera caso, comunicárase ó interesado a resolución que se tome.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

PRIMEIRA.- Os representantes das parroquias da zona rural do Concello elixiranse dunha forma libre e democrática, a través dun procedemento específico aprobado polo Pleno.

SEGUNDA.- Para a resolución das cuestións non previstas ou dúbidas de interpretación que poidan xurdir na aplicación do presente Regulamento de Participación Cidadá, facúltase á Comisión de Goberno para que resolva.

TERCEIRA.- A modificación total ou parcial deste regulamento corresponde ó Pleno da Corporación.



CUARTA.- No non previsto neste regulamento estarase ó disposto na LRBRL, ROF e Lei da Administración local de Galicia e demais lexislación concordante e vixente.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Sen prexuízo do disposto nos artigos 26 e 28 do presente regulamento, constitúese o Consello das Entidades Veciñais, que ten como obxecto a información, seguimento e proposta no eido da participación veciñal.

O Consello presidirao o Ilmo.Sr. Alcalde, quen poderá facer uso da posibilidade de conferir delegación segundo a normativa vixente.

O Consello estará integrado por representantes municipais e representantes das asociacións de veciños debidamente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, segundo a seguinte composición:

- Polo Concello, o/a concelleiro/a que teña ó seu cargo o servizo de Participación Cidadá e un representante por cada grupo político.
- Polas asociacións, as entidades nas que se agrupen ou federen poderán nomear un representante cada unha delas, e outro as que non se integren nelas e soliciten estar representadas.

O secretario do consello nomearase de entre os seus membros.

O presidente poderá requirir-la presenza de membros da Corporación non pertencentes ó consello, ou de técnicos municipais, co obxecto de informar no relativo ó ámbito das súas actividades.

O réxime de sesións do consello será dunha xuntanza ó semestre de xeito ordinario e, extraordinariamente, cando o convoque o presidente ou o soliciten tres dos seus membros.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

O presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en concordancia co disposto no artigo 70.2 do mesmo texto legal.

(PUBLICADO NO B.O.P. O DÍA 24/04/2000)